

Roberto González Fernández

CONTROL: PODER

Museo Fortaleza de San Paio de Narla (Friol)




Antes e agora


Así, como pedra dura, foi a man dos poderosos.
Así, como pedra dura, é a man dos poderosos.
A ira non valeu, non serve a ira, os puños sangran
ao bateren nos seus puños de estatua, sangran pingas no tempo.
Son frías as estatuas e non senten os ladridos dos cans.
Cans irmandiños que encirrou a miseria a chantaren os dentes
no perpiaño labrado coa suor dos humildes.
“Servos sodes, servide se queredes vivir este morrer cadora
na cadea da fame, no alxube das aldraxes: cousas, apenas cousas”.
Sangran pingas no tempo, a clepsidra precisa cebarse por medilo
día a día, inclemente, cos parias deste mundo.
Somos servos e servas, a escravitude avanza vestida de señora,
disfrazada en maneiras de alta dama e nós imos
ao seu encontro en coiros. Sabe máis que sabemos da nosa biografía,
reconta os nosos nomes como o avaro as moedas.
Corremos, que ela o quere - alta dama, alta gama-,
con cobiza inducida, a consumilo todo, a mercar sen descanso.
Recoñece o baleiro dos estómagos ávidos de dita que ela crea
e promete saciar; porén, vive das ansias que non apaga nunca.

Marica Campo


PLANTA BAIXA



PRIMEIRA PLANTA



SEGUNDO PISO DA TORRE



TERCEIRO PISO DA TORRE

